

O CHUVI ATENDE A 600 PACIENTES DA ÁREA VIGUESA QUE SOFREN ESCLEROSE MÚLTIPLE

- *O Álvaro Cunqueiro acolleu unha xornada de traballo na que neurólogas da Unidade específica para esta enfermidade reforzaron a información a profesionais de Atención primaria, pacientes e familiares*
- *Proxectouse un audiovisual realizado por un enfermo que padece Esclerose Múltiple para visualizar a enfermidade*
- *A exposición itinerante “EMpeza o teu camiño!”, que plasma o impacto da enfermidade na calidade de vida dos pacientes, estivo unha semana no hospital vigués*
- *É a enfermidade do Sistema Nervioso Central discapacitante máis común en adultos novos*

Vigo, 28 de decembro de 2017. A Unidade específica de Esclerose Múltiple (EM) do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) atende a case 600 pacientes que sofren esta enfermidade do Sistema Nervioso Central na área sanitaria de Vigo.

Debido á importancia que ten o diagnóstico precoz desta patoloxía na evolución dos pacientes, o Álvaro Cunqueiro acolleu unha xornada de traballo na que neurólogas da unidade ofreceron información dirixida a profesionais de Atención primaria, pacientes e familiares, sobre as pautas a seguir nun primeiro diagnóstico, así como dar resposta ás principais inquietudes das persoas que sofren a enfermidade ou dos seus achegados.



No transcurso da xornada proxectouse un audiovisual realizado por un paciente que sofre a enfermidade e na que relata as súas vivencias do día a día.

“A EM é unha enfermidade crónica que cursa en brotes que non sempre se recuperan por completo e progresivamente pode ir aumentando a discapacidade dos pacientes cun



deterioro progresivo da calidade de vida”, explica a neuróloga Marta Aguado, responsable da Unidade do CHUVI.

É a enfermidade do sistema nervioso discapacitante máis común entre adultos novos e supón a segunda causa de discapacidade en persoas novas, só por detrás dos accidentes de tráfico. Descoñécese a súa orixe e tampouco ten cura coñecida. “Isto supón un reto sociosanitario de primeira orde”, afirma a doutora Aguado.

Ademais da discapacidade física, en ata un 80% dos pacientes aparece fatiga como consecuencia da enfermidade e trastorno do ánimo. A fatiga é un síntoma que supón un deterioro importante da calidade de vida pero que, como non se pode medir, o paciente pode ser incomprendido. A neuróloga do CHUVI sinala que “cos tratamentos actuais podemos modificar a evolución natural da enfermidade, por iso é importante unha abordaxe precoz e a atención do paciente por persoal especializado”.

Traballo multidisciplinar

Nos últimos anos cambiou radicalmente o manexo da EM. Por unha banda, os criterios diagnósticos incorporaron os avances en resonancia magnética e de líquido cefalorraquídeo que permiten facer un diagnóstico moito máis precoz da enfermidade, con alta sensibilidade e especificidade, mentres que antes requiríase a aparición de varios déficits neurolóxicos previos.

“Modificouse tamén o tratamento da enfermidade, que se inicia ao primeiro síntoma, e nos últimos anos aprobáronse numerosos fármacos tanto orais, como subcutáneos e intravenosos, algúns dos cales, usados nas formas máis agresivas, poden conseguir un control da enfermidade de ata o 80%”, asegura Marta Aguado.

Por todo iso, a abordaxe debe ser multidisciplinar. Segundo a doutora Aguado, “na atención do paciente debemos colaborar neurólogos, rehabilitadores, urólogos, así como enfermaría, farmacia, traballo social, fisioterapia ou psicólogos; hai que ter en conta que a enfermidade afecta tanto aos pacientes como á súa contorna, en cada un dentro do contexto cultural e dos valores nos que vive así como en relación cos seus obxectivos, expectativas, normas e inquietudes”.

Exposición itinerante

Con motivo da celebración do Día Mundial da Esclerose Múltiple, o Hospital Álvaro Cunqueiro acolleu a exposición itinerante “EMpeza o teu camiño!”, que percorre toda España e na que se tenta dar visibilidade aos síntomas que padecen quen sofre a enfermidade.

Os propios especialistas son partidarios deste tipo de iniciativas, dirixidas a sensibilizar sobre a enfermidade. A doutora Marta Aguado insiste en que “en numerosas ocasións levámonos o traballo ás nosas casas e durmimos cos nosos pacientes na cabeza; este esforzo non sempre se ve recoñecido e con este proxecto, non só queremos poñer os nosos coñecementos ao servizo dos Médicos de Familia ou outros especialistas que o



requiran mediante programas de formación; senón que queremos ter unha aproximación aos nosos pacientes e ás súas necesidades, tanto individualmente como a través da asociación AVEMPO, para que eles coñezannos e nós tamén coñezamos as súas necesidades que, en ocasións para a nosa sorpresa, van máis aló do ámbito asistencial e non as temos en conta”.